



María Sieira Ríos, secretaria do Tribunal Avaliador do Proceso selectivo para a formación dunha BOLSA DE EMPREGO para a cobertura temporal de prazas de ADMINISTRATIVO/A (Expte. 2024 PSEL000012),

CERTIFICA: Que, por unanimidade dos membros presentes do Tribunal constituído ás 12:00 horas do día 03/09/2024, acordouse o que a continuación se transcribe literalmente recollido na **"ACTA NÚMERO 4.- RESOLUCIÓN DA RECLAMACIÓN PRESENTADA POR D^a ANA BELÉN SAMPEDRO GÓMEZ Ó SEGUNDO EXERCICIO DA FASE DE OPOSICIÓN."**

(...) O obxecto da constitución do Tribunal Avaliador é a resolución da reclamación presentada por algúns dos/as aspirantes deste proceso selectivo ó segundo exercicio da fase de oposición.

En relación ás reclamacións ó segundo exercicio da fase de oposición, constan presentadas as seguintes reclamacións:

1^a.- Escrito presentado por Ana Belén Sampedro Gómez, con DNI número ***3056**, rexistrado de entrada na data 02/08/2024 co número 202400019805, no que solicita a revisión da corrección do segundo exercicio da fase de oposición. Posteriormente, mediante escrito rexistrado de entrada na data 07/08/2024 co número 202400020119, concreta a súa solicitude de revisión da puntuación outorgada ó suposto práctico número 4 e ó suposto práctico número 5. No primeiro caso porque considera que o planteamento para o cálculo do valor estimado é correcto, aínda que non o resultado por erro no cálculo da porcentaxe das modificación, outorgando o Tribunal 0 puntos na corrección sobre un total de 2 puntos. E no segundo caso porque entende que a resposta dada *"procedemento aberto simple"*, é a resposta correcta, outorgando o Tribunal 1 punto na corrección sobre un total de 2 puntos.

Estudada a referida reclamación polo Tribunal Avaliador, este, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda:

PRIMEIRO.- Estimar a reclamación presentada por Ana Belén Sampedro Gómez á puntuación outorgada polo Tribunal cualificador ó suposto práctico número 4, por entender que coñece parcialmente os conceptos que forman parte do cálculo do valor estimado, acordando outorgar unha puntuación de 0,5 puntos no citado suposto práctico.

SEGUNDO.- Desestimar a reclamación presentada por Ana Belén Sampedro Gómez á puntuación outorgada polo Tribunal cualificador ó suposto práctico número 5, xa que neste suposto son dous os tipos de procedemento que o/a opositor/a debería indicar para considerar a resposta plenamente correcta, isto é: *"procedemento aberto"* ou *"procedemento aberto simplificado"*; mentres que a resposta dada pola Sra. Sampedro Gómez no seu exercicio soamente contempla un tipo de procedemento: *"Contrato administrativo de obras por procedemento aberto simple"*; polo que o Tribunal avaliador outorgou a metade da puntuación que correspondía a este suposto práctico: 1 punto sobre 2.





CONCELLO
DE
RIBEIRA

(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

TERCEIRO.- Que se publique no taboleiro de anuncios (sede electrónica), e, de ser posible, na súa páxina web oficial (www.ribeira.gal) a resolución da reclamación presentada.

CUARTO.- Rectificar a puntuación outorgada á aspirante Ana Belén Sampedro Gómez no segundo exercicio da fase de oposición, incrementando a súa puntuación en 0,5 puntos. Aínda así, procede declarar eliminada á citada opositora ó non acadar a puntuación mínima de 10 puntos, necesaria para superar o exercicio segundo dispón a Base 8ª, 8.1.2., apartado b).

QUINTO.- Ratificar a CUALIFICACIÓN TOTAL FINAL recollida na Acta número 3 deste proceso selectivo tal e como se dispón a continuación:

Ord e	Apellidos e nome	Concurso de méritos	1º exercicio fase de oposición	2º exercicio fase de oposición	3º exercicio fase de oposición	Puntuación total
1º	Agrelo Rivas Ana María	3	18	10,05	EXENTO	31,05
2º	Castro Gigirey Mª del Pilar	3	16,8	13,80	EXENTO	33,6
3º	Crujeiras Pérez Ángela	3	14,8	10,75	EXENTO	28,55
4º	Del Río Vidal Alba	3	16,8	10,05	EXENTO	29,85
5º	Ríos Pena Xesús Manuel	5	15,2	10	EXENTO	30,2
6º	Sampedro Gómez Yolanda	0,40	14	10,85	EXENTO	25,25
7º	Sío Docampo José Manuel	1,6	19,2	11,20	EXENTO	32
8º	Vázquez Liñeira Jorge	2	16,8	10,20	EXENTO	29
9º	Veira Ferrín Daniel	1,8	16,4	11,80	EXENTO	30

SEXTO.- Ratificar a formación da BOLSA DE EMPREGO recollida na Acta número 3 deste proceso selectivo tal e como se dispón a continuación:

Orde	Aspirante	Fase concurso de méritos	Fase oposición	Puntuación total
1º	Mª del Pilar Castro Gigirey	3	30,6	33,6
2º	José Manuel Sío Docampo	1,6	30,4	32
3º	Ana Mª Agrelo Rivas	3	28,05	31,05
4º	Xesús Manuel Ríos Pena	5	25,2	30,2
5º	Daniel Veira Ferrín	1,8	28,2	30
6º	Alba Del Río Vidal	3	26,85	29,85
7º	Jorge Vázquez Liñeira	2	27	29
8º	Ángela Crujeiras Pérez	3	25,55	28,55
9º	Yolanda Sampedro Gómez	0,40	25,85	25,25

SÉTIMO.- Que se publique no Taboleiro de Anuncios do Concello de Ribeira (sede electrónica) e, de ser posible, na súa páxina Web oficial (www.ribeira.gal) o anteriormente disposto.





CONCELLO
DE
RIBEIRA

(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

OITAVO.- De acordo co disposto no artigo 121.1 da Lei 39/2015, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, contra os acordos do tribunal cualificador cabe interpor recurso de alzada perante o Sr. alcalde-presidente, como órgano que nomea ao presidente do tribunal, sen prexuízo de calquera outro que se estime conveniente. O prazo será dun mes a partir do día seguinte ó da publicación do presente acordo no taboleiro de anuncios do Concello de Ribeira (sede electrónica).

E para que conste, expido a presente certificación por orde do/a Presidente do Tribunal Avaliador, en Ribeira, á data da sinatura dixital que figura ó pé deste documento.



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E8001526EF00E2P8T0A9B1Q2 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

MARIA SIEIRA RIOS-T.A.G. SECRETARÍA - 04/09/2024
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 04/09/2024 09:59:44

EXPEDIENTE ::
2024PSEL000012

Fecha: 05/04/2024

Hora: 00:00

Und. reg: REGISTRO
GENERAL

